



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de expedientes urxentes que non poden esperar á seguinte sesión ordinaria de data 26/03/2020»
<b>Data</b>	3 de marzo de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 19:30 ata as 20:20 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
33852423B	jose ferreiro fernandez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

**APROBACION PROVISIONAL DA DOCUMENTACION MODIFICATIVA DO PXOM DO CONCELLO DE GUITIRIZ REQUIRIDA POLA XUNTA DE GALICIA NA ORDE DA DXOTU DE 11/04/2017 SOBRE APROBACION DEFINITIVA DO PXOM. EXPTE: 733/2016.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Ordinaria  
A favor: 7, En  
contra: 1,  
Abstencións: 5,  
Ausentes: 0

A proposta de acordo ditamimada pola comisión informativa de asuntos do Pleno é a seguinte:

"APROBACION PROVISIONAL DA DOCUMENTACION MODIFICATIVA DO PXOM DO CONCELLO DE GUITIRIZ REQUIRIDA POLA XUNTA DE GALICIA NA ORDE DA DXOTU DE 11/04/2017 SOBRE APROBACION DEFINITIVA DO PXOM. EXPTE: 733/2016.

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Por acordo plenario de data 16/03/2016 aprobose provisionalmente o "Plan Xeral de Ordenación Urbana de Guitiriz" segundo o documento para aprobación

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

provisional de decembro de 2015 presentado polo equipo redactor do plan en data 4/02/2016, RE nº396, e os documentos corrixidos presentados en data 26/02/2016, RE nº 684. Unha vez dilixenciado o plan aprobado provisionalmente e o expediente administrativo tramitado elevouse á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio (RE de data 20/04/2016) co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

En data 18/05/2016 a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con RE nº 1923 de 20/05/2016, require ao Concello de Guitiriz para que complete o expediente e subsane certas deficiencias ao amparo do establecido no artigo 85 da LOUG, de modo que ata o cumprimento efectivo do requirimento de integridade documental non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva.

Unha vez revisadas e subsanadas as distintas deficiencias atopadas, tanto no expediente administrativo como no proxecto do PXOM, remítiuse en data 9/11/2016 á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a seguinte DOCUMENTACION en formato papel e dixital:

"1. En relación co expediente administrativo:

- Informes sectoriais do Ministerio de Fomento de data 5/07/2016 en materia de ferrocarrís (artigo 7.2 da lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario) e de ADIF de data 8/08/2016.
- Informes sectoriais do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo de datas 12/07/2016 e 21/09/2016 en materia de telecomunicacións (artigo 35 da Lei 9/2014, xeral de telecomunicacións).
- Solicitud de informe de data 21/06/2016, RS nº 1832, á Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal (artigo 66 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e artigo 39 da Lei 43/2013, do 21 de novembro, de montes). E solicitud de certificado do silencio administrativo de data 21/10/2016, RS nº 2737, non emitido polo momento.
- Informe sectorial da Dirección Xeral de Enerxía e Minas de data 26/07/2016 (Disposición derradeira cuarta da Lei 2/2016, do solo de Galicia que modifica o artigo 14 da Lei 3/2008 de ordenación da minería de Galicia).
- Informe sectorial da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de data 5/10/2016.
- Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 14/07/2016 sobre adecuación do PXOM ao cumprimento das condicións do informe favorable da DX de Patrimonio de data 3/02/2011.
- Contestación da Subdelegación do Goberno en Lugo de data 8/07/2016 sobre a non constancia nin a obrigabilidade de emitir informes sectoriais ao respecto.
- Novo CD coas alegacións presentadas durante o trámite de información pública.
- Documento para aprobación provisional de agosto de 2010 presentado en data 14/03/2011, RE nº 1136, en formato papel (non se chegou a aprobar).
- Documento para aprobación provisional de xaneiro de 2014, presentado en data 4/08/2014, con RE nº2560, en formato papel e en CD (non se chegou a aprobar).
- Notificacións das aprobacións inicial e provisional do PXOM as administracións titulares de bens de titularidade pública (artigo 189 da Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas, e artigo 101 da Lei 5/2011 do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia), dirixidas á Consellería de Facenda en data 21/06/2016, RS nº 1814 e 1816, contestada pola Consellería de Facenda en datas 6/07/2016 e 22/09/2016, RE nº 4456 de 5/10/2016, adxuntando un informe de alegacións.
- Notificacións das aprobacións inicial e provisional do PXOM as administracións titulares de bens de titularidade pública (artigo 189 da Lei 33/2003, do patrimonio das administracións públicas, e artigo 101 da Lei 5/2011 do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia), dirixidas á Facenda Estatal en datas 21/06/2016, RS nº 1815 e 1812 (Delegación de facenda en Lugo) e 23/06/2016, RS nº 1846 (Ministerio de Hacienda en Madrid), contestada pola Delegación de Economía e Facenda en Lugo de data 29/06/2016, con RE nº 2564, de 1 de data 1/07/2016.
- Novo informe de intervención de data 4/11/2016 sobre o informe de sustentabilidade económica (ISE) presentado polo equipo redactor en data 3/11/2016, RE nº5025.

2. En relación coa documentación do proxecto de PXOM:

-Documento de "Aprobación provisional. Cumprimentación do informe de integridade documental de novembro de 2016", presentado polo equipo redactor no Concello de Guitiriz en data 9/11/2016, RE nº 5132, que integra e da resposta ao punto segundo do requirimento de documentación da secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 18/05/2016. Contén os seguintes documentos (en formato papel e DVD):

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

- Informe de cumprimentación do informe de integridade documental.
  - Memoria xustificativa. Estratexia de actuación e estudo económico.
  - Normas urbanísticas. Informe de sustentabilidade económica (ISE).
  - Informe de sustentabilidade ambiental (ISA)
  - Planos de información territorial, planos de ordenación territorial e planos do ISA. -Planos de información e ordenación de núcleos rurais.
  - En canto á dilixencia de algunhas follas do plan aprobado, solicítase que se remitan ao Concello as follas que estean sen dilixenciar, ou que se indique a forma máis oportuna para subsanar ese aspecto.
  - DVD do documento de aprobación provisional de febreiro de 2016.
3. En relación coa adecuación á memoria ambiental:
- Informe da Secretaría Xeral de Calidade e avaliación Ambiental de data 25/05/2016 sobre a adecuación do PXOM ás determinacións da memoria ambiental."

En data 2/12/2016 a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, con RE nº5741 de data 9/12/2016, require ao Concello de Guitiriz conforme ao artigo 85 da LOUG a subsanación das seguintes deficiencias atopadas:

1. En relación co expediente administrativo:
  - Faltan dilixencias en parte da documentación en papel remitida para completar o expediente administrativo.
  - O informe do interventor municipal emitido o 4/11/2016 ven incompleto (tanto en formato papel como en formato dixital), só figuran 5 das 17 páxinas segundo o recollido na firma dixital.
  - O contido do informe favorable de ADIF de 8/08/2015 (sic), solicitado a instancia do Ministerio de Fomento, non se atopa plenamente incorporado ao proxecto do PXOM, igualmente sucede cos condicionantes do Informe do 14/07/2016 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
  - Respecto dos documentos de trámite do proxecto do PXOM de agosto de 2010 e de xaneiro de 2014, que forman parte do expediente administrativo segundo o índice xeral remitido o 20/04/2016, remítese documentación en formato dixital e en formato papel sen dilixencia ou certificado municipal. Ademais detéctase que a documentación en formato papel e en formato dixital non teñen se corresponden de xeito exacto. Devólvese a documentación técnica para que se aporte copia correcta debidamente dilixenciada, en formato papel ou dixital.
2. En canto a documentación do proxecto do PXOM de Guitiriz:
  - A totalidade das follas do plan aprobado provisionalmente polo Concello de Guitiriz deben conter a oportuna dilixencia.
  - Non consta acordo plenario de aprobación da documentación modificada e ampliada do proxecto do PXOM, nin os informes municipais previos ao acordo. Asemade a documentación do proxecto de PXOM remitida non contén ningunha dilixencia.
  - O mapa de riscos naturais incluído no informe de sustentabilidade ambiental (plano ISA-09), ao abeiro do establecido no artigo 22.2 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, debe incluír cando menos as zonas de fluxo preferente identificadas pola Confederación Hidrográfica (art. 9.2. do RD 849/1986). Ademais semella que existe algún erro na identificación das liñas T-100 e T-500.
  - Respecto da nova documentación do proxecto do PXOM para dar cumprimento ao requirimento da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, remítase a documentación en formato vectorial respecto das modificacións que afectan á documentación gráfica.

En data 22/12/2016, con RE nº 6064, o equipo redactor do Plan presenta o "Documento de "Aprobación provisional. Cumprimentación dos informes de integridade documental" requiridos para integrar as deficiencias do segundo informe de integridade documental da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 2/12/2016. A documentación presentada é a seguinte:

- § Documento "Informe de cumprimentación de integridade documental" que agrupa nun único escrito as contestacións aos dous informes de integridade documental emitidos pola Secretaría Xeral de Ordenación Territorial e Urbanismo.
- § Documento completo de "Normas urbanísticas".
- § Plano ISA-09.
- § Planos IN-138 e IN-146 (a, b e c de cada uno).
- § Planos ON-138 e ON-146.
- § Plano OT-24 e OT-25.
- § Fichas do catálogo:
- Serie 2.1. relixiosa: 00, 03, 08, 11 15.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

- Serie 2.2. popular: 00, 03, 06, 14 e 24.
  - Serie 2.3. civil: 00, 01, 06, 17, 21, 28, 34, 45, 50, 52, 63, 68, 69 e 85.
  - Serie 3.1. hórreos: completa
  - Serie 3.3. muíños: 000 e 003.
  - Serie 3.6. cruceiros: completa
  - Serie 3.8. pozos: 00, 11 e 50
  - Serie 5. BIC: completa
  - Serie 6. Camiño Santiago: completa.
- § DVD coa documentación anterior máis a documentación espacial en formato shapefile.
- § Copias dos DVD das entregas de agosto de 2010 e de xaneiro de 2014 acompañadas dun documento explicativo do seu contido.

Por acordo plenario de data 30/12/2016 adoptouse o seguinte acordo:

**“PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente os seguintes documentos de modificación do “Plan Xeral de Ordenación Urbana de Guitiriz” presentados polo equipo redactor en datas 9/11/2016 (RE nº5132) e 22/12/2016 (RE nº 6064) a requirimento da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo nos seus informes de integridade documental de datas 18/05/2016 e 2/12/2016:**

**-“Informe de cumprimentación de integridade documental” que agrupa nun único escrito as contestacións aos dous informes de integridade documental emitidos pola Secretaría Xeral de Ordenación Territorial e Urbanismo. (22/12/2016).**

**-Memoria xustificativa. Estratexia de actuación e estudo económico (9/11/2016).**

**-Informe de sustentabilidade económica (ISE) (9/11/2016).**

**-Informe de sustentabilidade ambiental (ISA) (9/11/2016).**

**-Documento completo de “Normas urbanísticas”. (22/12/2016).**

**-Planos de información territorial, planos de ordenación territorial e planos do ISA (9/11/2016).**

**-Plano ISA-09. (22/12/2016).**

**-Planos de información e ordenación de nucleos rurais (9/11/2016)**

**-Planos IN-138 e IN-146 (a, b e c de cada uno). (22/12/2016).**

**-Planos ON-138 e ON-146. (22/12/2016).**

**-Plano OT-24 e OT-25. (22/12/2016).**

**-Fichas do catálogo (22/12/2016):**

**Serie 2.1. relixiosa: 00, 03, 08, 11 15.**

**Serie 2.2. popular: 00, 03, 06, 14 e 24.**

**Serie 2.3. civil: 00, 01, 06, 17, 21, 28, 34, 45, 50, 52, 63, 68, 69 e 85.**

**Serie 3.1. hórreos: completa**

**Serie 3.3. muíños: 000 e 003.**

**Serie 3.6. cruceiros: completa**

**Serie 3.8. pozos: 00, 11 e 50**

**Serie 5. BIC: completa**

**Serie 6. Camiño Santiago: completa.**

**-DVD coa documentación anterior máis a documentación espacial en formato shapefile (22/12/2016)**

**SEGUNDO.- Unha vez dilixenciada por secretaría a documentación modificativa do PXOM aprobada provisionalmente elevarase á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio xunto co expediente administrativo dilixenciado para que a Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio resolva sobre a súa aprobación definitiva, adxuntando tamén a seguinte documentación solicitada no seu escrito de data 2/12/2016:**

- O informe completo do interventor municipal sobre o informe de sustentabilidade económica (ISE) emitido o 4/11/2016.
- Os documentos de trámite do proxecto do PXOM de marzo de 2011 e de xaneiro de 2014 en formato dixital dilixenciados por secretaría.
- As dilixencias que faltan en parte da documentación remitida en papel do expediente administrativo serán asinadas polo secretario na propia Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.”

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia (DXOTU en diante) dita en data 11/04/2017 a Orde sobre a aprobación definitiva do PXOM do Concello de Guitiriz, recibida no Concello de Guitiriz en data 17/04/2017, RE nº 2048.

En data 17/02/2020, con RE nº 817, o equipo redactor do Plan presenta o documento de aprobación provisional, previo á definitiva, do PXOM do Concello de Guitiriz en formato dixital formado por dúas copias en cadanseu DVV con data xaneiro de 2020, conforme ao acordado co Concello e coa Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia. O documento presentado engade un informe de "Cumprimentación da Orde do 11 de abril sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Guitiriz ditada pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo" datado no mes de xaneiro de 2020 no que se reflicten os cambios realizados para dar cumprimento á citada Orde. O informe de cumprimentación da Orde consta de 232 páxinas co seguinte contido: Informe xustificativo (de 99 páxinas), Anexo I de integración das incidencias do epígrafe 2 Solo de Núcleo Rural (de 96 páxinas), e Anexo II coa Orde do 11/04/17 da DXOTU e a documentación xustificativa das incidencias (de 35 páxinas).

Visto o informe xurídico de secretaría de data 18/02/2020.

Conforme á Disposición transitoria segunda ("Adaptación do planeamento") da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (publicada no DOG de 19/02/2016) "*Os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor desta lei (un mes) poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*".

Considerando o disposto nos artigos 52 e seguintes, 77, 81, 84, 85, 89, 92, 97, 100 e 101 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG en diante), modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, e pola Lei 2/2010, do 25 de marzo; na Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente; no Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente os documentos de modificación do "Plan Xeral de Ordenación Urbana de Guitiriz" presentados polo equipo redactor en data 17/02/2020, con RE nº 817, a requirimento da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia na Orde de data 11/04/2017 sobre a aprobación definitiva do PXOM do Concello de Guitiriz, que se reflicten no Informe

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

de "Cumprimentación da Orde do 11 de abril sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Guitiriz ditada pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo" do mes de xaneiro de 2020.

A documentación presentada polo equipo redactor en data 17/02/2020, con RE nº 817, que se aproba provisionalmente polo Pleno do Concello de Guitiriz, son dúas copias completas do "Plan Xeral de Ordenación Urbana de Guitiriz" en formato DVV con data xaneiro de 2020, que engaden un informe de "Cumprimentación da Orde do 11 de abril sobre aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Guitiriz ditada pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo" no que se reflicten os cambios realizados para emendar as deficiencias sinaladas na Orde e dar cumprimento á citada Orde.

O informe de cumprimentación da Orde que reflicte os documentos modificados consta de 232 páxinas co seguinte contido: Informe xustificativo (de 99 páxinas), Anexo I de integración das incidencias do epígrafe 2 Solo de Núcleo Rural (de 96 páxinas), e Anexo II coa Orde do 11/04/17 da DXOTU e a documentación xustificativa das incidencias (de 35 páxinas).

SEGUNDO.- Unha vez dilixenciada por secretaría a documentación modificativa do PXOM aprobada provisionalmente elevarase á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia para que a Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio resolva sobre a súa aprobación definitiva."

Aberto o debate polo Presidencia o voceiro do grupo PP di que atopámonos ante o Plan de Ordenación Xeral Municipal do Concello de Guitiriz (PXOM) que leva 16 anos dende a súa iniciación ata hoxe en día.

Este PXOM foi aprobado provisionalmente por Acordo Plenario o día 16 de marzo de 2016. En data do 18 de maio de 2016, a Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, require ao Concello de Guitiriz que emende certas deficiencias ao abeiro do artigo 85 da LOUG, Lei de Ordenación Urbana de Galicia, de modo que ata o cumprimento efectivo do requirimento de integridade documental non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre aprobación definitiva.

Dende estas datas ata día de hoxe houbo moitos informes, expedientes administrativos, requirimentos, para emendar as deficiencias que tiña o PXOM do Concello de Guitiriz, segundo a Administración Autonómica.

Entón, en data 17 de febreiro do ano en curso, o equipo redactor do Plan presentou o documento de aprobación provisional, previo á definitivo do PXOM do Concello de Guitiriz en formato dixital.

O documento presentado engade un informe de cumprimento da Orde 11 de abril sobre aprobación definitiva do PXOM, ditada pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para dar cumprimento a citada Orde.

Este informe consta de 232 paxinas co seguinte contido que a continuación detallamos:

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

- a) Informe xustificativo
- b) Anexo I de integración das incidencias do epígrafe 2 Solo de Núcleo Rural
- c) Anexo II, coa Orde do 11 de abril do 2017 da DXOTU, Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Urbanismo, e a documentación xustificativa das incidencias.

Visto e lido todo isto, e escoitado aos redactores do PXOM do Concello de Guitiriz. Vista a complexidade da confección deste Plan de Urbanismo, tanto a nivel urbano como rural.

Vistas as alegacións que houbo no seu momento, moitas rexeitadas pola súa desestimación e outras aceptadas e integradas no Plan, todo isto debido aos requirimentos que esixen para a súa aprobación distintas administracións, parécenos moi complexo este Plan.

O voceiro do grupo BNG di que no pleno extraordinario de marzo de 2016 para aprobar provisionalmente o Plan Xeral o BNG xa dicía que había moitas incongruencias, como por exemplo, as alturas das vivendas en moitas rúas de Guitiriz, sabendo que a demografía no concello non é favorable, porque cada ano que pasa somos menos, no ano que se comezou co Plan Xeral de Guitiriz, non 2014, eramos 6100 habitantes, hoxe non chegamos a 5500. E incongruente edificios de 3, 4 e 5 alturas o lado de casas en ruínas ou en estado de abandono, moitas das cales están protexidas e catalogadas.

O expediente administrativo menciona non informes da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que no ano 2010 comunicaba ao concello que non estaba legalizada a concesión da captación de auga do río que abastece o núcleo de Parga (increíble que estivese sen actualizar), este é un exemplo do estado de abandono do concello, menos mal que xa actualizaron a concesión coa CHMS no ano 2017.

Outro dos fallos que tiña o PXOM era que unha normativa vinculante do 11 de xaneiro de 2008 do Plan Hidrolóxico dicía que os solos que presentasen afeccións a leitos de Dominio Público Hidráulico ou as súas zonas de servidume a prohibición de actividades e usos construtivos. A normativa que levaba o PXOM anterior contiña a prescrición para solo rústico, pero non para solo urbano e solo de núcleo rural, porque loxicamente tamén están afectados.

Tamén había que xustificar a plena suficiencia de recursos hídricos e a súa dispoñibilidade xurídica en canto o abastecemento de auga. Un informe aclaratorio, de xuño de 2018 expoñía a concesión dun caudal anual de 386.028,30 m<sup>3</sup>/ano, que verificaba a suficiencia e dispoñibilidade xurídica de recursos hídricos no ámbito de solo urbano e urbanizable residencial de Guitiriz.

Tal como sinalaba un correo de 8 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Ordenación Territorial e Urbanismo, consideraba aínda non resolta a dispoñibilidade xurídica porque a suficiencia dos recursos hídricos non estaba xustificada o non estar aprobada a concesión con carácter definitivo, como o propio informe aclaratorio da CHMS esixía.

Esta circunstancia verificouse o 14 de outubro de 2019 (hai tan so cinco meses) con este envío da documentación que informaba da aprobación das normas de explotación da presa de San Xoán por parte do concello de Guitiriz, de aí vén o retraso do informe da Conca Hidrográfica que facía falta para cumprimentar esta documentación.

Os redactores, fixeron varios cambios tamén nos solos afectados polo ferrocarril, tanto en Guitiriz como en Parga, porque no anterior non contemplaba as distancias marcadas para as

## Concello de Guitiriz







## Concello de Guitiriz

novas construcións ata as vías.

No apartado da clasificación do solo dos cascos urbanos de Guitiriz e Parga opinamos que se resolve parte da congruencia de mais vivendas e menos habitantes, aínda que baixo a opinión do BNG teríase que facer reducindo as alturas dos edificios nas rúas principais e non suprimindo os Sectores de solo urbano SUR-R1, SUR-R2 e SUR-R4 en Guitiriz e en Parga que estaba reservado para uso residencial, por certo Parga queda sen ningún sector de solo urbano non consolidado.

O Plan contempla 64 novas vivendas o ano en todo o concello, cando todo o mundo sabe que isto é unha incongruencia mais que leva o Plan, porque a nova edificación hoxe en día non concello e moi baixa, apenas insignificante.

Tampouco era congruente á programación da xestión, do PERI-1 e PERI-2 considerados preferentes, e se programen outros catro PERI para o primeiro cuatrienio e non se consideren preferentes.

Os redactores cambiaron a programación que figura en cada ficha e reformaron a estratexia de actuación pasando os PERIs 3, 4, 5, 6 e 7 ao 4º cuatrienio e os polígonos SUR programáronos aos tres primeiros cuatrienios. Tiveron tamén que elaborar unha memoria que asegure a súa viabilidade nos vindeiros 16 anos, que é o novo prazo para desenvolver o Plan.

No que se refire os núcleos rurais, si estamos de acordo en xeral coas novas demarcacións de núcleos comúns e núcleos históricos-tradicionais, vemos que se fixeron moitas separacións en núcleos que viñan marcados ata o de agora todos xuntos, o cal permite no plan reducir o solo de núcleo rural, cousa que vemos que ademais é lóxica cando había delimitacións estendidas artificialmente e adrede, para incluír no núcleo vivendas illadas ou mesmo naves agrícolas.

O que pasou con Vieiro de Pedrafita e mais que lóxico posto que estabamos clasificando solo do Concello de Begonte, e o único que fixeron foi modificar a cartografía.

O BNG non vai cometer o mesmo erro que hai catro anos, cando a Sra. Polín convenceu a toda a corporación que facía falta o apoio unánime do Pleno, para que o aprobase a Xunta, cando non era verdade, aquí nesta sala, chegouse a dicir que era mellor un mal Plan de Ordenación que non ter un Plan, en iso non estamos de acordo, as normas en canto o urbanismo teñen que ser moi claras e o mellor posible para todos os cidadáns.

Somos conscientes que está bastante mellor este Plan Xeral que os anteriores, pero aínda se podía aproximar e axustar mais a realidade do ano 2020. Entre o ano 2011 e o ano 2015, fixéronse moitos cambios polos redactores influídos polo de aquela goberno do PP, de novo no 2015 retomouse o Plan do 2011, pero quedaron moitos dos cambios feitos sen corrixir, e aínda que os informes técnicos eran favorables víase claramente que o plan xeral de ordenación de Guitiriz era un desastre, como así o confirmou a consellería de medio ambiente e ordenación do territorio da Xunta no informe do 17 de abril de 2017.

A Sra. Alcaldesa di que o PXOM é unha asignatura pendente nesta Corporación, levamos 16 anos para aprobalo, sen entrar en detalles técnicos aprobouse por unanimidade en 2016, a Xunta pediu corrixir deficiencias e o equipo redactor adaptouse aos requirimentos da Xunta. No será o mellor plan, pero se temos un plan aprobado podemos facer as modificacións que sexan necesarias e adaptadas a 2020, se non, non poderemos facer nada. Este equipo de goberno considera que deberíamos aprobalo e envialo á Xunta, polo que vamos a votar a favor e gustaríame que se aprobara por unanimidade para que a Xunta teña en conta a vontade unánime deste Pleno.

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que o equipo redactor explicou os puntos seguidos nesta última modificación e nese momento aprobouse por unanimidade, pero este Plan prexudica moito a Parga porque queda moi reducido e non incrementa poboación, polo que deixa aberto a que cada concelleiro/a vote con total liberdade o que estime oportuno.

O voceiro do grupo BNG di que vaise a abster e non vota a favor porque o Plan é moi mellorable, as alturas son demasiadas segundo está evolucionando o Concello, habería que darlle un retoque máis profundo, agora non se poden desenvolver os PERIS, a construción está parada. Non había so que corrixir o que propoñía á Xunta había que darlle outra volta.

A Sra. Alcaldesa di que dende o ano 2011 ata 2026 non se fixo nada en relación co PXOM, en 2019 a Confederación desbloqueou este trámite, e é lóxico que sexan necesarias modificacións, pero para iso hai que ter o Plan aprobado e despois modificalo segundo as necesidades dos veciños. Non hai que quedarse con aspectos parciais, se non coas melloras que supón para o interese xeral de Guitiriz, polo que imos a votar a favor.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor dos concelleiros do grupo PSOE, 1 voto en contra do concelleiro do grupo PP (Sr. Penas Pardo), e 5 abstencións dos concelleiros do grupo PP e do grupo BNG.**

### Expediente 110/2020. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

A proposta de alcaldía ditaminada pola comisión informativa de asuntos do Pleno é a seguinte:

#### **"APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIONS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. EXPTE 110/2020.**

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de aprobar un regulamento de honras e distincións do Concello de Guitiriz.

Por Providencia da alcaldía de data 31/01/2020 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación dun regulamento de honras e distincións no Concello.

Visto o proxecto de regulamento redactado polo servizos municipais.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 07/02/2020.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Regulamento de honras e distincións do Concello de Guitiriz que incorporase como Anexo I.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento considerárase definitivamente aprobado."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que ten diversas dúbidas e correccións sobre o contido do regulamento. Sinala algunha de esas dúbidas e posibles erros que son contestadas ou confirmadas polo secretario e pola Sra. Alcaldesa. Tamén propón a adición de determinadas cuestións en varios artigos do regulamento e que se retire o asunto para o seguinte Pleno.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo coas correccións por erros de copia e pega, pero que non está de acordo coas modificacións propostas que son propias doutra institución.

A Sra. Alcaldesa di que apraza o asunto para o seguinte Pleno, que as medallas corporativas estaban no primeiro borrador e as quitaron porque non está de acordo, e que as outras propostas de modificacións haberá que estudalas para o seguinte Pleno.

**A alcaldía retira o asunto da orde de día e non o somete a votación para completar o regulamento coas suxerencias da oposición e aprobalo noutra sesión plenaria.**

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

---

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 7Y742P4JMW5APQNGQXQH2R9GZ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12